

ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA E. PRIMARIA

BLOQUE: IMAXE E PERCEPCIÓN CORPORAL

UNIDADE: **O NENO E O SEU CORPO**

TEMPORALIZACIÓN: **1- 2º semana setembro**

MATERIAL E INSTALACIÓNS: Aros, pista polideportiva ou ximnasio.

ORGANIZACIÓN ALUMNOS: Grupo-clase, parellas, equipos.

CICLO: **SEGUNDO**

NIVEL: 3º - 4º

OBXECTIVOS:

1. Tomar conciencia da mobilidade da columna e da independencia dos segmentos corporais.
2. Respecta-lo corpo mediante hábitos hixiánicos

TÉCNICAS ENSINO: Descubrimento guiado e busca.:

ANIMACIÓN:

- ‘ O ESPELLO ‘: Grupos de catro, un móvese libremente, os demais imítano. Ó sinal, cambio de rol.
- ‘ A CRUZ VERMELLA ‘: Tres quedan, son os virus. Outros tres son enfermeiros. Os virus intentarán tocarlles ós demais, menos ós enfermeiros. Os tocados terán que desprazarse sen usa-la parte tocada, que está infectada. Os enfermeiros poderán cura-las infeccións para que volvan a desprazarse normalmente.
- **VARIANTE:** Os enfermeiros poderán leva-los infectados ó hospital, zona reservada ó efecto.

PARTE PRINCIPAL:

- Suxerirlles ós alumnos que movan ou toquen partes simétricas do corpo (orella dereita, esquerda. Pé dereito...)
- Por **parellas cun aro**. Un dos membros da parella indícalle ó compañeiro os movementos a realizar: adiante, atrás, dereita esquerda, etc. **VARIANTES:** Dentro ou fóra do aro.
- **Adaptarse ó aro**. Por parellas:
 - Un dos da parella suxeita o aro apoiándoo no chan e en posición vertical. Pasa-lo aro de diversas formas: libremente, de xeonllos, reptando, etc.
 - Coloca-lo aro no chan en posición horizontal. Situarse dentro del tocando os bordes: coas mans cara atrás e extensión do tronco. Sempre de xeonllos no chan. Cambio de rol.
- Colocar os aros en fila e pasalos de distintas formas: A modo, un pe en cada aro (correndo), pes xuntos, pata coxa, ...
- **Xogo de relevos:** Por equipos, situados en fila, e un aro por equipo a vinte metros, levar unha pelota ata un aro e volver a fila para dar o relevo, o seguinte vai busca-lo balón e así ata o final.

VOLTA Á CALMA:

- ‘ **VEN OU VAITE** ‘: O grupo clase sentado en círculo. Un deles correndo arredor do círculo toca a un compañeiro e dille ‘ VEN ‘ ou ‘ VAITE ‘. Segundo lle diga unha das dúas cousas, corre no mesmo ou distinto sentido.